

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 2/2025, DO 09 DE ABRIL, POLA QUE SE REGULA O DESENVOLVEMENTO DO PECHE DOS CENTROS, INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PERÍODO DO 14 AO 16 DE ABRIL DE 2025.

A instrución da Xerencia 11/2024, do 20 de decembro, sobre o calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2025 do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo establece no punto 1 do artigo 7: “(...) procederase ao peche de todos os centros, dependencias e instalacións da Universidade de Vigo nos seguintes períodos do ano 2025:

- a) *Entre o 14 e o 16 de abril, ambos os dous incluídos, que terán a consideración dos 3 días de vacacións de Semana Santa establecidos no artigo 26 do II Convenio colectivo do PAS laboral.”*

O punto 2 do antedito artigo prevé: “Nestes períodos, a Xerencia poderá acordar cos órganos de representación do PTXAS, outro horario de apertura, a alteración dos períodos ou a continuidade dalgúns servizos e actividades.”

En virtude do exposto, esta Xerencia resolve ditar as seguintes

INSTRUCCIÓNS

1. Obxecto

Esta instrución ten por finalidade regular o efectivo desenvolvemento do peche de centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo no período do 14 ao 16 de abril de 2025, ambos os dous incluídos.

2. Peche de centros, instalacións e dependencias

Todos os centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo, incluíndo os respectivos servizos, áreas e unidades de xestión, permanecerán pechados no período sinalado no artigo 1.



Non obstante, atendendo aos informes motivados emitidos polas persoas responsables dos centros, instalacións e dependencias, establécense como excepcións e permanecerán operativos, os servizos, unidades ou áreas seguintes:

2.1. CACTI.

- 1 técnico/a da Unidade de Determinación Estrutural, Proteómica e Xenómica.
- 1 técnico/a da Unidade de Microscopía Electrónica.
- 1 técnico/a da Unidade de Nanotecnoloxía e Análise de Superficies.

2.2. CINBIO – ANIMALARIO.

- 1 técnico/a especialista do Animalario.

2.3. CIM.

- 1 técnico/a da área de calidade ambiental e histoloxía.
- 1 técnico/a da área de cultivos mariños.

2.4. ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (ATIC).

- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións de grupo I para o control e mantemento da rede corporativa e servizos dependentes.
- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións de grupo I para o control e mantemento do aloxamento de portal web, correo electrónico e servizos dependentes.
- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións de grupo III do SAUM, para a atención de incidencias que poidan xurdir dos servizos anteriores.

Nesta área, os servizos serán desempeñados por persoal destinado no campus de Vigo.



3. Prestación de servizos

A prestación dos servizos anteriores, de conformidade co establecido no punto terceiro da resolución da xerencia 3/2019 do 21 de febreiro, sobre reordenación de horarios, realizarase en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Corresponde ás persoas responsables dos diferentes servizos, áreas ou unidades a organización e coordinación destes servizos.

4. Criterios aplicables

- a) As persoas responsables de cada unidade comunicarán á Xerencia (consultapas@uvigo.gal) a relación nominal do persoal que atenderá os servizos establecidos, con data límite do 10 de abril.
- b) De conformidade co punto 1.a) do artigo 7 da instrución da xerencia 11/2024, os 3 días de peche en Semana Santa, do 14 ao 16 de abril de 2025, teñen a consideración dos 3 días de vacacións establecidos no artigo 26 do II Convenio colectivo do PAS laboral. O persoal que deba prestar servizos neste período gozará destes 3 días noutro distinto, preferentemente na semana anterior ou posterior ao peche, condicionado ás necesidades do servizo.
- c) Lémbrese a todo o PAS a súa obriga de solicitar a través do VAPEL os días de vacacións, incluídos necesariamente os correspondentes aos períodos de peche. Compételle ás persoas responsables de cada ámbito, campus, servizo, unidade ou área comprobar o efectivo cumprimento deste deber.

5. Acceso a centros, instalacións e dependencias no período de peche

Cando resulte necesario e indispensable o acceso do persoal a centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo durante o período de peche, por mor das súas actividades, contando coa pertinente autorización do responsable correspondente, o persoal deberá axustarse ás seguintes obrigas.

Aquel persoal que conte con tarxeta de acceso debidamente autorizada, utilizará este mecanismo tanto para a entrada como para a saída do centro, instalación ou dependencia. Calquera incidencia deberá comunicarse ao Centro de Control do servizo de vixilancia (teléfono: 618873387).



O persoal que non dispoña de tarxeta de acceso, chamará ao Centro de Control do servizo de vixilancia (teléfono: 618873387) informando do centro, instalación ou dependencia ao que se precisa acceder. Ao edificio acudirá un vixiante do servizo quen, logo da identificación e comprobación oportunas, habilitará a entrada. Así mesmo deberá comunicarse a saída ao Centro de Control do servizo de vixilancia, prohibíndose posteriores accesos ás persoas que incumpran esta obriga.

Esta sistemática aplicárase de idéntico xeito cando o persoal precise acceder aos centros, instalacións e dependencias da Universidade que, de conformidade coa previsión contida no punto 8.1 da instrución 13/2021 pechen na quenda de tarde en períodos distintos ao de peche definido no artigo 1 desta instrución.

Lémbrese a necesidade de cumprir estritamente as medidas de prevención e hixiene ditadas pola Universidade de Vigo e as autoridades sanitarias para evitar riscos sanitarios no momento do acceso.

6. Emerxencias

De producirse calquera incidencia ou emerxencia, comunicárase de inmediato ao Centro de Control do servizo de vixilancia no teléfono 618873387.

Vigo, 9 de abril de 2025

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

(documento asinado dixitalmente)

